



### ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 6 DE SETEMBRO DE 2012.

#### ASISTENTES:

##### **Alcalde-presidente**

D. JOSÉ MANUEL FREIRE COUTO( PP)

##### **Concelleiros/as**

D. M<sup>a</sup> CONSUELO VISPO SEARA (PP)

D. MANUEL GARCIA GONZALEZ( PP)

D.<sup>a</sup> MIRIAN PRIETO VALDES (PP)

D. JOSE A. DO OLMO CONGIL (PP)

D.<sup>a</sup> NIEVES CARRIL GÓMEZ (PP)

D. JULIO DOMINGUEZ PATO ( PP)

D. XOSÉ CARLOS VALCÁRCCEL DOVAL (PSdeG-PSOE)

D.<sup>a</sup> MARIA PRESAS DE PRADO (PSdeG-PSOE)

D.<sup>a</sup> VICTORIA MORENZA DOFORNO (PSdeG-PSOE)

D. XOSÉ MANOEL FÍRVIDA PLAZA (BNG)

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> ÁNXELA GONZÁLEZ CID ( BNG)

D. SERAFIN NÚÑEZ PÉREZ (BNG)

##### **AUSENTES :**

##### **Secretario Xeral**

D<sup>a</sup> Silvia Alonso Fernández

##### **Interventora de fondos**

D.<sup>a</sup> Eva García Fernández

*No salón de plenos da Casa do Concello de Barbadás, sendo as 12,00 horas do día 6 de SETEMBRO de 2012 reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o Concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. alcalde, coa asistencia dos Sres.-/as. concelleiros/as. Relacionados na marxe, actuando como secretario, Silvia Alonso Fernández.*

Comprobado que asiste quórum suficiente para a válida realización da sesión, o Sr. Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procédese á análise dos puntos da orde do día.



## PARTE RESOLUTIVA:

### **1- APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR**

Pola Presidencia preguntase si existe algunha obxección que facer á acta anterior.

O Sr. Fírvida (BNG) manifesta que o seu grupo vaise abster pola mesma razón que sempre, entendendo que o ROM aprobado, non recolle ningunha formula que facilite a recepción nas actas das intervencións dos concelleiros, e entendendo tamén, que estas non reflicten con fidelidade ditas intervencións.

A Sra. Morenza (PSdeG-PSOE), sinala que o seu grupo vaise abster neste punto, porque nas actas non se recolle a esencia das intervencións. Sen mais sométese o asunto a votación resultando, cos votos a favor do PP, e as abstencións do PSdeG-PSOE, e do BNG o seguinte acordo: **“Aprobación da acta da sesión do 02/07/2012”**

O Sr. Valcárcel (PSdePSOE), pregunta sobre o motivo de ter un Pleno en xoves, en contra do disposto no ROM, o que lle resposta a Presidencia, que é costume que en Setembro se demore un pouco, habida conta que do contrario, as comisións informativas terían que ser en Agosto, e podería afectar ás vacacións de concellerios/as.

### **2- MODIFICACIÓN DA TAXA POLA PRESTACION DO SERVIZO MUNICIPAL DE ENSINANZAS ESPECIAIS EN CENTROS DOCENTES.**

#### **A- RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS**

Pola Presidencia explícase que o grupo de goberno vai rexeitalas, xa que esta ordenanza foi elaborada con criterios esencialmente técnicos. Non obstante, matizar respecto ás familias monoparentais, que o criterio debe ser o da renda e o nivel económico, porque pode darse o caso dunha familia monoparental cun nivel económico elevado, que non precise de axuda.

Entende finalmente, que a taxa xa foi debatida no seu momento, polo que non se estenderan neste tema.

D<sup>a</sup> Ánxela González (BNG), manifesta que por segundo ano, ven ao Pleno esta ordenanza que supón un atraco ós cidadáns neste momento económico. O BNG, no mes de xullo do ano pasado, xa se opuxo a cobrar estes servizos de bos días cole, e das actividades extraescolares. Naquel intre, o PSOE non se opuxo. Pero os tempos cambian, a peor, e estes servizos deben ser universais e gratuítos. Son



servizos que axudan á conciliación da vida familiar e laboral, e por tanto, necesarios.

Creemos que a modificación da taxa ten un afán recadatorio, e tratan de xustificar este atraco mediante un informe manipulado e incerto, porque se recollen como custes da prestación dos servizos, por exemplo os monitores multifuncionais do Concello, que de igual forma están contratados, ou a limpeza en espazos como o colexio, que se ían a limpar igualmente.

O BNG defende a gratuidade. Se deixamos fora a nenos de moitas familias que necesitan estes servizos para conciliar, estamos creando desigualdades. E nós opoñémonos á dobre moral do PSOE : se é gratuíto, é gratuíto, sen mais consideracións.

O Sr. Valcárcel (PSdeG-PSOE) procede á defensa das súas alegacións.

### **ALEGACIÓNS Á MODIFICACIÓN DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO MUNICIPAL DE ENSINANZAS NAS ESCOLAS DEPORTIVAS**

A situación económica da cidadanía galega non mellorou nos últimos 12 meses. E, por suposto, os veciños e veciñas de Barbadás non se diferencian, neste caso, da cidadanía do resto da nosa comunidade.

Se o ano pasado no PSdeG considerábase desorbitado e abusivo o incremento da taxa pola prestación de ensinanzas deportivas, este ano temos que dicir o mesmo pero co agravante de que as consecuencias dos recortes do goberno do PP repercuten basicamente nas clases sociais máis desfavorecidas e que máis precisan do apoio da administración local.

As escolas deportivas, ó igual que outras actividades educativas, fomentan a conciliación da vida laboral e familiar e ademais propician unha sociedade máis igualitaria e xusta.

Para os Socialistas de Barbadás esta ordenanza non responde ós criterios antes mencionados polo que a consideramos antisocial e lesiva para os intereses da veciñanza do noso concello.

As modificacións introducidas o ano pasado na ordenanza seguen manténdose na proposta que agora presenta o equipo de goberno do PP e tan só plantexa unhas modificacións mínimas polo que o PSdeG considera que non se axustan a realidade económico-social do momento e polo tanto prexudican os intereses do conxunto da nosa veciñanza e, por suposto, dos usuarios e usuarias das escolas deportivas.

- Que se fraccione o pagamento de xeito semestral.
- Que os importes a pagar nas escolas deportivas teñan a consideración de prezos públicos.



- Que os usuarios/as que non estean empadroados no Concello de Barbadás paguen o cento por cento do custo real.
- Que se aplique unha bonificación do 50 % para as familias monoparentais, tendo en conta o IPREM (7.455,14 € anuais). Para aplicar esta bonificación os ingresos da unidade familiar deben ser **inferiores ó duplo do IPREM** (na actualidade 14.910,28 €).
- Que sexa gratuíto o acceso a calquera das escolas deportivas cando a unidade familiar teña algún dos seus membros en situación de desemprego.
- En calquera caso en que a unidade familiar ingrese menos do duplo do IPREM quedarán exentos da taxa.

### **ALEGACIÓNS Á ACTIVIDADE “BOS DÍAS COLE”.**

A pesares de que o PP pretenda reducir os concellos a simples entes administrativos, practicamente sen funcións e dependentes das Deputacións, os Socialistas apostamos por manter as políticas sociais desenvolvidas desde a Administración Local.

A atención á infancia debe ser un dos eixos básicos das políticas sociais, conxuntamente coa conciliación da familia co traballo.

Esta actualización contempla algunha mellora moi demandada pola veciñanza, pero dado que o PP rexeita a posibilidade de que o servizo novamente sexa gratuíto, consideramos que as bonificacións son insuficientes.

Que se inclúan neste apartado as mesmas bonificacións que as recollidas para as escolas deportivas (no suposto de familias nas que dous fillos menores de idade se matriculen neste servizo o primeiro irmán aboará o total da taxa da matrícula e o segundo terá unha bonificación do cento por cento da taxa. No suposto das familias nas que 3 ou máis fillos se matriculen no servizo o primeiro irmán aboará o total da taxa, o segundo o 50 % da mesma e o terceiro e seguintes terán unha bonificación do 100 % da taxa).

Que o acceso a este servizo sexa gratuíto cando algún membro da unidade familiar estea en situación de desemprego.

En calquera caso en que a unidade familiar ingrese menos do importe do duplo do IPREM quedarán exentos da taxa.

Que se estableza un máximo de alumnos por monitor/a e que se elabore unha programación non só de



atención á infancia, senón que recolla criterios didácticos e pedagóxicos.

### **C) ALEGACIONES ÁS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES.**

- 1) Que se inclúan neste apartado as mesmas bonificacións que as recollidas para as escolas deportivas (no suposto de familias nas que dous fillos menores de idade se matriculen neste servizo o primeiro irmán aboará o total da taxa da matrícula e o segundo terá unha bonificación do cento por cento da taxa. No suposto das familias nas que 3 ou máis fillos se matriculen no servizo o primeiro irmán aboará o total da taxa, o segundo o 50 % da mesma e o terceiro e seguintes terán unha bonificación do 100 % da taxa).
- 2) Que se aplique unha bonificación do 50% para as familias monoparentais, tendo en conta o IPREM. Para aplicar esta bonificación os ingresos da unidade familiar deben ser inferiores ó duplo do IPREM (na actualidade 14.910,28 €).
- 3) Que o acceso a este servizo sexa gratuito cando a unidade familiar teña algún dos seus membros en situación de desemprego
- 4) En calquera caso en que a unidade familiar ingrese menos do duplo do importe do IPREM quedarán exentos da taxa.

O voceiro sinala que a situación económica non mellorou, e os recortes do goberno do PP, repercuten na cidadanía. Trátase de lograr una sociedade igualitaria e xusta, E o PSOE NON VOTOU ESTA ORDENANZA. Queremos defender á cidadanía, e, o noso obxectivo coas alegación é, sabendo que existe unha maioría absoluta do PP, e que vaise aprobar a ordenanza, queremos melloralala na medida do posible. A continuación, o voceiro sinala os puntos clave das alegacións formuladas polo seu grupo.

Pola Presidencia respóndese que, estamos a falar de cantidades que neste momento son difíciles para algunhas familias, pero que no Concello existen outros sistemas de axuda social para os casos de maior necesidade. Mentres se puido, o Concello prestou os servizos de forma gratuíta, e o afán non é recadatorio, senón máis ben de regulación do acceso ás mesmas. E por outra banda, o autofinanciamento dos servizos é un imperativo legal.

Se a finais de ano as circunstancias melloran, cara o 2013 pódese plantexar a gratuidade, pero agora mesmo estamos falando dunhas cantidades asumibles.

D<sup>a</sup> Ánxela González (BNG) sinala que existen familias con varios fillos nos que os dous pais están en paro, e o imperativo legal non nos vale. Pide ó Sr. Alcalde, que se está de acordo, que o demostre con



feitos. O afán recadatorio si que existe, porque os datos xustificativos do informe de custes, inclúen servizos que se farían igual, como a limpeza do colexio, ou do ximnasio, prestáranse ou non estas actividades.

Tamén ten un carácter disuasorio esta ordenanza: piden unha cantidade de documentación para acceder ás actividades, que fai perder moito tempo ás familias, que en moitos casos non o teñen para facer estes trámites. Vostedes pretenden crear desigualdades, con afán recadatorio e disuasorio.

O Sr. Valcárcel (PSdeG-PSOE), non entende como o Alcalde afirma que se chega un momento propicio pode volverse á gratuidade, e ó mesmo tempo lembra que o autofinanciamento dos servizos é un imperativo legal. Está incorrendo nunha contradición.

Entende o voceiro que se teñen que empregar criterios sociais, non de carácter economicista.

Sen mais, procedese á votación das alegacións presentadas polo PSdeG-PSOE, adoptando, cos votos a favor do PSdeG-PSOE, e os votos en contra do PP e do BNG, o seguinte acordo: “

**Desestimación das alegacións presentadas polo PSdeG-PSOE sobre a ordenanza da taxa pola prestación do servizo municipal de ensinanzas especiais en centros docentes”**

### **B- APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICCIÓN DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO MUNICIPAL DE ENSINANZAS ESPECIAIS EN CENTROS DOCENTES.**

Tralo debate, sométese o asunto a votación resultando, cos votos a favor do PP, e os votos en contra do PSdeG-PSOE e do BNG, o seguinte acordo: **“Aprobación definitiva da ordenanza reguladora da taxa pola prestación do servizo municipal de ensinanzas especiais en centros docentes”**

### **3- INICIO DO EXPEDIENTE DE DEPURACIÓN DE DEREITOS DE ORZAMENTOS PECHADOS.**

Pola Presidencia explícase que se trata dun procedemento técnico promovido pola Intervención municipal.

O Sr. Firvida (BNG) explica que o seu grupo vaise abster, porque a pesar de entender que esta depuración debe facerse, non están de acordo coa xestión da recadación que fai a Deputación, e entenden que debería facerse por xestión directa polo propio Concello. A Deputación cobra 90.000 euros ó ano, e non é efectiva nin eficiente, e non coñecen, como os nosos funcionarios, a realidade do noso municipio.

O Sr. Valcárcel (PSdeG-PSOE) lembra que o seu grupo xa sostivo esa irrealidade dos datos en moitas



ocasións, e solicita que se faga un exame e avaliación da xestión a recadación pola Deputación Provincial, e que se analice a posibilidade de retomar a recadación directa.

Ademais, o RD 700/88 recolle unha responsabilidade contable, e deberase analizar o motivo desta necesidade de depuración de dereitos incobrables, e se se empregaron todos os medios precisos para lograr esa recadación que non se logrou.

Pola Presidencia afirmase que un servizo de recadación propio, tería que contar con tres técnicos, entre eles un contable e un técnico especialista en inmobles... e o custo dos salarios, non compensaría.

Entende que a recadación ten mellorado respecto aos anos anteriores, tanto por traballo interno como polo traballo político en reunións co xefe de recadación da Deputación. E finalmente sinalar, que as baixas que se producen, responden na súa maioría a existencia de datos erróneos, e prescricións que se producen como consecuencia.

O Sr. Firvida (BNG) afirma que o Sr. Alcalde manifesta uns criterios de función pública ineficaz cara a mirar unha empresa privada que leve os servizos.

Para que se presentan vostedes ás eleccións? Para dismantelar os servizos públicos e darllos ás empresas privadas con criterios exclusivamente mercantilistas? A vostedes se lles dan catro anos de confianza para xestionar, e o que fan, e vender os mobles da casa....E agora resulta que vostede, ata cuestiona a labor da Deputación, e pensa que é mellor que unha empresa privada xestione un servizo como o da recadación.

O Sr. Valcárcel (PSdeG-PSOE) pregunta se o Alcalde ten feito unha análise detallado para retomar a recadación directa, e insta a que se tomen as cousas en serio, e que se fagan con rigor. Non vale falar de sondaxes. E pregunta que sondaxes se fixeron: se entre empresas ou entre concellos.

Finalmente o voceiro desexa coñecer a porcentaxe de prescricións nesta depuración, ó que se lle resposta que a documentación atópase a súa disposición na Intervención municipal.

Pola Presidencia remátase o debate sinalando que lle sorprende a dobre linguaxe da oposición, que cando goberna fai o mesmo que os demais.. Nós temos que dar o mellor servizo, e se o fai a Deputación, ou unha empresa privada, o final, os beneficiados son os cidadáns.

Sen mais, sométese o asunto a votación resultando, cos votos a favor do PP, os votos en contra do PS de G- PSOE, e as abstencións do BNG, o seguinte acordo: **“Aprobar provisionalmente a baixa dos dereitos recoñecidos de exercicios pechados do exercicio 1999 e anteriores , por un total de 89.153,17 euros ( oitenta e nove mil cento cincuenta e tres euros con dezasete céntimos), segundo**





a listaxe anexo que figura no expediente, e proceder á exposición pública durante 15 días hábiles, no taboleiro de anuncios do Concello, e anuncio de exposición pública no BOP de Ourense”

#### 4- ADHESIÓN AO CONVENIO MARCO PARA ASISTENCIA ÓS CONCELLOS NA XESTIÓN DAS SÚAS REDES DE ESTRADAS

Pola Presidencia sométese a debate o presente convenio, indicando que inclúe labores de carácter administrativo, e que ten un custo cero para o Concello.

D. Serafín Nuñez (BNG) afirma que a o BNG non lle parece axeitada esta forma de adhesión. A Deputación non ten competencias, e as vai adquirindo dos Concellos, e estas competencias poderían ser exercidas por outros entes de carácter supramunicipal ou comarcal. A Deputación é unha institución que serve para manter o entramado político e amiguista do PP na provincia. Estaríamos de acordo, se este convenio se asinase coa Xunta, pero non coa Deputación, que hoxe asina un convenio, para logo externalizar o servizo.

A Sra. Morenza (PSdeG-PSOE), sinala que para o seu grupo non só é importante a tramitación administrativa, senón que é preciso un plan de actuacións nas estradas municipais, e de prevención. Ata o de agora, estase actuando dun xeito aleatorio, polo que lle pide o grupo de goberno que planifiquen as intervencións, porque o PSOE está alertando da perigosidade de moitas estradas e a necesidade de desbroces nas mesmas.

Neste momento non temos claro que se vaia a facer este plan anual de actuacións, pero aínda así, votaremos a favor por respecto á autonomía local.

Pola Presidencia sinálase que o BNG ten unha teima constante coa Deputación, pero eles non dimiten nin renuncian os seus cargos provinciais, co cal é unha dobre linguaxe.

D. Serafín Nuñez (BNG) resposta que o BNG vai ós cargos onde os cidadáns o escollen, e manifesta o mesmo discurso cando goberna, como cando non goberna.

Sen mais, sometese o asunto a votación resultando, cos votos a favor do PP e do PSdeG-PSOE, e os votos en contra do BNG, o seguinte acordo: **“ 1º- Aproba-la adhesión do Concello de Barbadás ó convenio marco de cooperación e asistencia ós concellos para a xestión das redes municipais de estradas, de conformidade co clausulado aprobado pola Deputación Provincial de Ourense, asumindo as obrigas e compromisos que se recollen no dito convenio.**

**2º- Designar como persoa responsable e interlocutor coa Deputación Provincial na xestión do**





convenio a D<sup>a</sup> Miriam Prieto Valdés, concelleira de obras.”

### 5- APROBACIÓN DOS FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2013

Pola Presidencia propónse a adopción do mesmo criterio que os anos anteriores, facendo coincidir os festivos, cos propios de Ourense, e propón o martes de entroido e o día de San Martiño (11 de Novembro).

Sen mais sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo: **“Sinlamente como festivos locais para o Concello de Barbadás no ano 2013 , o martes de entroido, e o día de San Martiño ( 11 de Novembro)”**

### 6- MOCIÓNS:

#### A- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE PARA INSTAR Á DEPUTACIÓN A QUE LEVE A CABO UNHA ACTUACIÓN INTEGRAL QUE MELLORE A SEGURIDADE VIARIA DA ESTRADA PROVINCIAL OU-0519 NO TRAMO ENTRE A PONTE SOBRE A AUTOVÍA E O XERIÁTRICO DE PIÑOR.

A Sra. Morenza ( PS de G- PSOE), procede á defensa da seguinte moción:

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A **seguridade viaria** na estrada de Piñor, fundamentalmente nos tramos afectados polas obras de construción de beirarrúas rematadas en 2010 está **en entredito**. Ó longo destes 2 anos e medio téñense producido numerosos incidentes oficiosos de menor importancia e **accidentes de consideración** que figuran nas estatísticas da Dirección Xeral de Tráfico e nos que interviu a Garda Civil.

Polo momento non houbo que lamentar vítimas mortais nos numerosos percances acontecidos dende o primeiro trimestre de 2010, pero **tanto as autoridades locais como as provinciais non poden permanecer alleos a unha problemática que preocupa á veciñanza** da zona e ós usuarios do vial. A estrada OU-0519 é unha das que rexistra unha maior densidade de tráfico da provincia. Sen embargo, as actuacións necesarias neste vial téñense feito esperar, pois mesmo a construción de beirarrúas nunha zona tan transitada por peóns **tardou anos en materializarse** cando era unha evidencia que esta actuación era imprescindible.



Hai que ter en conta tamén que o tránsito de vehículos viuse incrementado nos últimos anos coa posta en marcha do **xeriátrico**, que xunto coa ubicación do **Hospital de Piñor** e o conseguinte número de persoas que acuden diariamente ás instalacións sanitarias, **fai precisa unha atención prioritaria sobre esta estrada.**

O Grupo Municipal Socialista considera que **é necesario e urxente buscar unha solución técnica ás deficiencias do firme** que apareceron a consecuencia das obras de reforma finalizadas en 2010.

Segundo os datos que manexamos e que inclúen as cifras de accidentes oficiais e tamén dos percances cos que se atopan os usuarios desta vía dun xeito demasiado habitual, existen unha serie de **puntos perigosos ó longo dun tramo de 2 kilómetros** (entre a ponte sobre a Autovía Rías Baixas e o xeriátrico de Piñor). Estes puntos negros atópanse preto da ponte sobre a autovía, nas inmediacións da curva do Hospital de Piñor e outros dous nos puntos kilométricos 1.900 e outro 200 metros máis arriba. **O PSdeG xa comunicou** dun xeito informal a principios de agosto e a través dunha interpelación a mediados de mes a **existencia de polo menos 4 puntos negros** tanto ós responsables técnicos do mantemento desta estrada coma ó Presidente da Deputación e incidiuse na necesidade que existe de intervir neste vial.

**Os gobernantes do PP deben involucrarse activamente tamén na esixencia á Deputación dunha solución técnica que aminore o impacto dunha serie de carencias** que están pondo en perigo a seguridade viaria. A existencia de puntos negros, que teñen provocado accidentes de consideración debe pór en situación de alerta ó grupo de goberno que preside Freire Couto. É sobradamente coñecido, porque os datos están aí, que **varios automobilistas teñen caído ó baleiro**, por precipicios de considerable altura, debido precisamente á inseguridade da estrada.

Dende o PSdeG cremos que **as alarmas teñen que acenderse con anticipación porque non podemos agardar a que haxa vítimas mortais** para levar a cabo unha actuación integral que poña fin as carencias que se detectan na estrada provincial OU-0519.

A inseguridade do firme debido a que **existen restos de alquitran e diferentes capas de aglomerado que fan desigual a capa de rodadura** é posiblemente unha das principais causas dos derrapes e esvaróns dos vehículos que en moitas ocasións quedan só nun percance, pero que teñen provocado numerosos accidentes.

Existen, con todo, outras carencias sobre as que é necesario actuar como pode ser a **falta dunha barreira de seguridade en varios puntos**, en concreto a carón do Hospital de Piñor, onde



recentemente un vehículo se precipitou ó baleiro. Trataríase só de prolongar o balaustre de ferro que existe para incrementar a seguridade. Outro punto onde tamén é necesaria unha varanda no punto kilómetro 2.100 aproximadamente.

**Resulta sorprendente** que nas inmediación doutro dos puntos negros, é dicir, na ponte sobre a autovía, preto da residencia de Cabeza de Vaca, **a valla que evita a caída sobre a A-52 aínda non fora resposta despois de máis de 4 meses**. Dende o PSdeG lembramos que a raíz dun accidente producido nesta curva un vehículo estivo a piques de caer ó baleiro sobre a autovía, pero aínda non se subsanou esta carencia, cos conseguíntes prexuízos que causa sobre a seguridade do vial.

Por todo o anteriormente exposto, propono ó Pleno desta Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Instar á Deputación Provincial de Ourense a que:**

**estude unha solución técnica para pór fin á inseguridade viaria que provoca o firme da estrada provincial OU-0519 en varios puntos negros, algúns deles indicados nesta moción co obxectivo de diminuír a sinistralidade e aumentar a seguridade viaria.**

**Instale varandas de protección nos lugares nos que aínda non existen** (nas inmediacións do Hospital de Piñor e aproximadamente no punto kilométrico 1.200 da vía).

**Repoña varanda de protección situada na ponte sobre a autovía Rías Baixas rota dende hai meses a raíz dun accidente nun dos puntos negros.**

**Que dende o ente provincial se leve a cabo dun xeito máis intenso o mantemento deste vial non só no que se refire á seguridade do vial, varandas e limpeza, senón tamén que os desbroces se fagan dun xeito máis habitual.**

Sinala a voceira que o incremento de tráfico, a posta en funcionamento do xeriátrico, así como o incremento de tránsito de poboación de municipios limítrofes, evidencia a necesidade de melloras nesta zona. Sinala a existencia de catro puntos negros onde os accidentes son frecuentes, e unhas capas de rodadura distintas que convierten a estrada nunha pista de patinaxe, así como as evidentes carencias de elementos como as barreiras de seguridade que se sinalan todas elas no texto da moción.

Incide en que aínda esta mañá, había unha persoa sentada encima da autovía, sen baranda de protección. Por todo elo, solicita a adopción dos acordos contidos na moción.

O Sr. Núñez (BNG) afirma que o seu grupo non nega as carencias existentes nesta zona, e lles parecen



ben sa propostas da moción, pero o BNG vai mas alá, e solicita que o goberno do PP elabore plans de obras plurianuais no municipio, priorizando as máis urxentes.

En xeral, temos outras estradas que deberían estar incluídas, por exemplo o acceso á Finca Fierro, con badenes ilegais.. Hai que por en marcha os medios legais para solventar temas como as proteccións plásticas da Avenida de Celanova, practicamente destrozadas todas, en Sobrado fai falta unha mellora no firme e na sinalización, nas escorregas fai falta un viario de acceso mais seguro, ( lembra que nesta ultima zona, non se dixo nada concreto, que so se vendeu fume polos políticos).

Pola Presidencia respóndese que parte do que dixo a oposición non é certo. Nos estamos priorizando as obras segundo a urxencia da necesidade, e a dispoñibilidade para facelas. Cara ó futuro, poderanse ter en conta estas actuacións que propoñen.

A Sra. Morenza (PSdeG-PSOE) manifesta o acordo coas obras que menciona o voceiro do BNG, e afirma a presa do PSOE porque se leven a cabo, sen esperar a que se produzan vítimas mortais.

O Sr. Nuñez (BNG) resposta ó Alcalde preguntando por esa priorización, e por onde está ese plan de obras, e cando veu a Pleno. Resposta o voceiro que nunca, porque non existe.

Pola Presidencia respóndese que o plan existe, e que o proxecto das escorregas o ten feito a Deputación pero debido a unha redución orzamentaria houbo que desagregalo en dúas fases primeiro, e aínda así, logo houbo que facelo de novo.

Sen mais sométese o asunto a votación resultando adoptado por unanimidade , o seguinte acordo : “

### **Instar á Deputación Provincial de Ourense a que:**

- estude unha solución técnica para pór fin á inseguridade viaria que provoca o firme da estrada provincial OU-0519 en varios puntos negros, algúns deles indicados nesta moción co obxectivo de diminuír a sinistralidade e aumentar a seguridade viaria.**
- Instale varandas de protección nos lugares nos que aínda non existen (nas inmediacións do Hospital de Piñor e aproximadamente no punto quilométrico 1.200 da vía).**
- Repoña varanda de protección situada na ponte sobre a autovía Rías Baixas rota dende hai meses a raíz dun accidente nun dos puntos negros.**
- Que dende o ente provincial se leve a cabo dun xeito máis intenso o mantemento deste viario non só no que se refire á seguridade do vial, varandas e limpeza, senón tamén que as rozas se fagan dun xeito máis habitual. “**



### **B- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE PARA MELLORAR AS INSTALACIÓNS DA CASA DE CULTURA E AMPLIAR OS SERVIZOS QUE SE OFRECEN NA BIBLIOTECA PÚBLICA.**

Polo Sr. Valcárcel (PSdeG- PSOE) procedese á defensa da seguinte moción:

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

Na actualidade o único referente no eido cultural en todo o concello de Barbadás é a Casa de Cultura ubicada na Valenzá. Un referente cultural que desenvolve unha actividade salientable grazas o esforzo dos funcionarios e funcionarias que alí prestan os seus servizos á veciñanza.

A Casa de Cultura é, probablemente, a instalación máis utilizada polos nosos conveciños e conveciñas e con seguridade a mellor valorada.

Estamos a falar dunha dotación que foi inaugurada hai xa 17 anos, sendo un dos primeiros edificios públicos do noso concello. Pero no Grupo Municipal Socialista temos que denunciar que dende hai anos existe un notable desinterese polo mantemento e mellora das instalacións por parte do equipo de goberno do PP.

Na actualidade, boa parte das instalacións desta dotación básica sofren un importante e rápido deterioro sendo imprescindible actuar de xeito inmediato.

As carencias e deficiencias son de toda índole e, dende logo, non son propias dun concello que é un dos máis importantes e de maior dinamismo demográfico da provincia.

- A biblioteca pública non dispón de aire acondicionado o que provoca que os días de moita calor o ambiente sexa irrespirable.
- O máis grave, tratándose dunha infraestrutura cultural e de lectura, é que non hai espazo abondo para colocar todos os fondos bibliográficos.
- A sección xeral está mesturada e hacinada coa sección infantil e xuvenil.

Debemos ter en conta que o Concello de Barbadás ten experimentado, nos últimos anos, un gran crecemento poboacional rexistrándose de este xeito unha importante poboación infantil e xuvenil.

No Partido Socialista somos conscientes de que hai que prestar unha atención prioritaria a estos usuarios e usuarias mediante o deseño dunha programación cultural que debe ter como cerne a Casa de Cultura e, por suposto, a biblioteca pública.

Para poder realizar esta programación dun modo axeitado é imprescindible habilitar unha sala específica de infantil e xuvenil e que ésta se ubique no segundo andar da Casa de Cultura. Existe o



mobiliario, temos os libros e hai un importante potencial de usuarios que pola súa idade introduciría sabia nova na biblioteca do noso concello.

A actuación do equipo de goberno do PP e das concelleiras responsables en relación a este asunto é dunha ineficacia absoluta: hai xa varios anos que chegou o material (sillas, mesas, etc.) para poder habilitar este espazo diferenciado para este tipo de usuarios. Este equipamento leva preto de 5 anos totalmente desaproveitado.

No Grupo Socialista consideramos que desaproveitar uns elementos e telos sin utilizar só pode ter un nome: DESPILFARRO.

Pero existen máis evidencias do desinterese do Sr. Freire e das súas concelleiras en relación á Casa de Cultura:

- Os baños ubicados no primeiro andar do edificio están, a día de hoxe, nun estado absolutamente lamentable. O alicatado está roto e ofrece a imaxe dun país en guerra. Calquera usuario/a que teña que utilizar estes servizos pode chegar á conclusión de que o Concello está en bancarrota.
- As butacas do auditorio comezan a deteriorarse. Como o Sr. Alcalde ben sabe, estas butacas xa ían ser desbotadas no Mosteiro de Santo Estevo cando chegaron a Barbadás.
- Dende o pasado 4 de maio aínda están pendentes de solventar os desperfectos que se produciron polo desprendemento de plaquetas nunha sala do edificio.

Por todo o anteriormente exposto, propono ó Pleno desta Corporación a adopción do seguinte

### **ACORDO:**

- Habilitar unha sala de infantil e xuvenil no segundo andar da Casa de Cultura, facendo así posible a posta en marcha dunha ludoteca e actividades formativas dirixidas a este público.
- Proceder ó arranxo dos baños para pór fin á imaxe de deixadez que se evidencia dende hai meses.
- Levar a cabo as obras de reposición das baldosas na sala de exposicións (o incidente tivo lugar o pasado 4 de maio, tempo suficiente para proceder a subsanar os danos).
- Estudar a posibilidade de instalar un sistema de aire acondicionado.
- Que as tarefas de mantemento da Casa de Cultura se leven a cabo dun xeito periódico, é dicir, que o goberno de Freire amose máis interese por un dos edificios ós que máis usuarios acuden diariamente.



- Estudar a posibilidade de adaptar a actividade da biblioteca ó calendario escolar, de xeito que se oferten un amplo abano de actividades en períodos non lectivos.

Sinala o voceiro, que estamos a falar dun servizo que conta con mais de 200 socios, e que ten mais de 10.000 exemplares, e que supón un referente na vida cultural e educativa do municipio, polo que o descoido desta instalación, resulta inexplicable cando temos unha concelleira con adicación, sendo o edificio mais utilizado e valorado pola poboación. Incide en que falta un espazo didáctico, porque a zona infantil debe ser un espazo atractivo e divertido para os nenos que se inician na lectura.

Reitera as deficiencias no mantemento da Casa da Cultura, sinalando que a esta situación non se chega en dous dias, senón que é o resultado da desidia e vagancia durante anos. Subliña que, parece que dende a presentación desta moción, se solventaron algunhas deficiencias, pero que non son suficientes. E pregunta ó Sr. Alcalde si coñece a Casa de Cultura do Concello de Xinzo, recentemente remodelada cunha subvención da Xunta de 60.000 euros, e se pregunta por que nós non podemos acceder a algún tipo de subvención similar para proceder ó remodelado do noso edificio.

Por todo elo, solicita ó Pleno a adopción dos acordos sinalados na moción presentada.

O Sr. Nuñez ( BNG) , sinala que o seu partido xa criticou fai 17 anos o atraso o por en marcha esta instalación, e aproveita para sinalar o actual atraso que esta a sufrir o polideportivo, que parece que non acaba nunca..

Estas melloras que propón o PSOE son oportunas, e xa o BNG as propuxo en ocasións anteriores. Tamén o BNG solicitou determinadas accións, como por exemplo que se abra a biblioteca de noite en épocas de exames, ou a apertura polas tardes no verán. Non entende por que so se abre unha tarde para a venda de bonobuses, e se pregunta onde desenvolven entón as concelleiras a súa xornada laboral. Anuncia o voto a favor do seu grupo nesta moción.

Pola Presidencia respóndese que o grupo de goberno municipal votará en contra porque na exposición de motivos xa se atopa unha contradición: non se pode recoñecer que é un dos servizos mais valorados pola poboación, e logo acusar de ineficaz á concelleira que o dirixe. Si é un servizo valorado, será porque funciona, e porque hai un traballo detrás...

Trataremos de mellorar as deficiencias, e vostedes saben que o asunto das lousas foi un accidente ocasional, que houbo que corrixilo, que foi peritado pola compañía de seguros, e que iso, levou un tempo.

O Sr. Valcárcel (PSdeG-PSOE) matiza que o servizo e moi usado polos cidadáns, pero que existe





unha desidia no mantemento do edificio. Por exemplo sinala o arrinconamento de material dende fai anos, e a falta da sala de lectura infantil con asesoramento e programación didáctica, que non é o mesmo que a ludoteca que temos na casa da Xuventude.

Respecto ó mantemento do edificio, sinala que o alicatado dos baños atópase nun estado lamentable, e as baldosas da sala de exposicións levan dende o 4 de maio sen arranxar.

Afirma que o grupo de goberno ten que facer unha análise e ver o que teñen que mellorar, porque saben que funciona ben o servizo, polo traballo do persoal, que fan horas e horas para cubrir as carencias de efectivos humanos.

O Sr. Nuñez (BNG) matiza que a xente acode á Casa da Cultura para ler a prensa e para poder ter acceso gratuíto a internet, pero non porque sexa un servizo estupendo nin moito menos...

E remata incidindo en que a Casa da Xuventude, debe ser un espazo por e para a mocidade, e autoxestionarse polas asociacións xuvenís.

Sen mais, sométese o asunto a votación resultando, cos votos a favor do PSdeG-PSOE, e BNG, e os votos en contra do PP, o seguinte acordo: **“Rexeitamento da moción presentada polo PS de G-PSOE, para mellorar as instalacións da Casa de Cultura e ampliar os servizos que se ofrecen na biblioteca pública”**

### **C- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE PARA QUE SE MELLORE A SEGURIDADE VIARIA NO ENTORNO DA IGREXA DE BARBADÁS, SE INCREMENTE A VIXIANCIA E TAMÉN PARA SE PROCEDA Ó DESBROCE PERIÓDICO DAS INMEDIACIÓNS**

D<sup>a</sup> María Presas (PSdeG-PSOE) procede á defensa da seguinte moción:

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A explanada que está ó carón da igrexa de Barbadás converteuse dende hai meses nun lugar e o alonxamento do núcleo urbano propicia que se acheguen á zona para facer o coñecido "botellón" aproveitar a gravilla do lugar para facer trompos cos coches.

Esta situación provoca que se produzan a cotío escenas que evidencian a falta de vixiancia ante este tipo de feitos, que en moitos casos poden derivar en vandalismo.

Dende o Partido Socialista consideramos fundamental levar a cabo algún tipo de medida para controlar o acceso de vehículos á explanada e así evitar que se vaia a facer trompos, así como incrementar a vixiancia policial.

Nesta mesma área son varias ás árbores que apareceron danadas e que a día de hoxe están sen



substituír despois de varios meses. A maleza é abundante por todo o entorno da explanada da igrexa, ofrecendo así unha imaxe de deixadez nas labores de mantemento por parte do Concello.

Respecto á seguridade viaria, dende o Partido Socialista consideramos que ante a escasa visibilidade é esencial pór medidas de sinalización horizontal e vertical na intersección do Camiño de San Xoán, Rúa das Estesas e a Praza da Igrexa, así como levar a cabo un desbroce periódico nos citados lugares para facilitar a visibilidade dos automobilistas que circulan polo lugar.

A mesma actuación consideramos tamén que é realizala na intersección da Rúa da Morea coa Rúa dos Fornos.

En relación coa necesidade de introducir melloras na seguridade viaria, dende o Partido Socialista, facéndonos eco das suxerencias da propia veciñanza, temos que indicar que é preciso instalar un espello no cruce da Rúa Carreira coa antiga estrada de Celanova.

Por todo o anteriormente exposto, propoño ó Pleno desta Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

- Que se incremente a vixilancia policial
- Que se leven a cabo medidas disuasorias para evitar a entrada de vehículos á explanada
- Que se substitúan ás árbores danadas
- Que se fagan desbroces periódicos por todo entorno así como no camiño das Estesas
- Que se creen medidas de sinalización horizontal e vertical nas dúas interseccións para facilitar así o tránsito dos automobilistas
- Instalar un espello na intersección da rúa Carreira coa antiga estrada de Celanova para facilitar a incorporación dos vehículos.

Incide a concelleira , en que esta zona estase a converter nun espacio de botellón , facendo trompos cos coches, con árbores rotos, e falta de sinalización adecuada.

O SR. Núñez (BNG) afirma que o obxecto da moción resulta pequeno, e debería estenderse ó resto do Concello porque temos zonas que merecen esta atención e necesitadas dunha roza.

Respecto os trompos, reclamar protección policial para moitas zonas, como a da capela das Lamas, e respecto á limpeza, o lavadoiro de Santa Uxía ten dereito tamén, a pesar de que sexan poucos votos os que se recollan na zona...

En xeral estamos de acordo coas solicitudes da moción, pensando que deberían ir mais ala, para que o



acordo sexa un pouco mais global.

Pola Presidencia sinálase que na zona obxecto da moción hai pendente unha actuación da Deputación. Respecto á sinalización, farase, pero a vixilancia é difícil de manter permanente, pero se tentará ter de forma disuasoria. Tamén estudouse o tema de pechar o recinto, pero é problemático, o seu un espazo público.

Sen mais sometese o asunto a votación resultado aprobado por unanimidade, o seguinte acordo **:"Aprobación da moción do PSdeG-PSOE sobre o entorno da igrexa de Barbadás, cos seguintes acordos:**

- **Que se incremente a vixilancia policial**
- **Que se leven a cabo medidas disuasorias para evitar a entrada de vehículos á explanada**
- **Que se substitúan ás árbores danadas**
- **Que se fagan rozas periódicas por todo entorno así como no camiño das Estesas**
- **Que se creen medidas de sinalización horizontal e vertical nas dúas interseccións para facilitar así o tránsito dos automobilistas**
- **Instalar un espello na intersección da rúa Carreira coa antiga estrada de Celanova para facilitar a incorporación dos vehículos."**

### **D- MOCIÓN DO BNG PARA IMPEDIR A PERDA DO PODER ADQUISITIVO DAS EMPREGADAS E EMPREGADOS PÚBLICOS AFECTADOS POLO DECRETO 20/2012**

O Sr. Fírvida ( BNG) procede á defensa da seguinte moción:

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

As decisións adoptadas polo Goberno central en materia de política económica está a provocar un agravamento da crise económica. A obsesión por dar unha prioridade absoluta á contención do gasto público, seguindo sen matices os ditados emanados polo FMI, o BCE ou a UE, cada vez máis pregados aos intereses do capital financeiro transnacional, ocasionan tanto unha continua perda de empregos como un empeoramento das condicións de vida das persoas que manteñen o seu emprego. Até o de agora, o "programa de reformas<sup>2</sup> executado polo PP só deu como resultados máis desemprego, unha caída no consumo e na actividade económica, e un maior estancamento do crédito ás persoas emprendedoras, empresas e familias. Ningún sector económico é alleo nestes momentos á crise, porén tampouco se están a elaborar estratexias para reactivar o pulso económico nos mesmos.



A única política definida é a de aplicar continuos recortes en dereitos económicos e sociais conquistados en favor das maiorías sociais. Esa teima amosa como este Goberno está a empregar a crise máis como un pretexto para avanzar no modelo de sociedade cada vez máis desigual que abandeira a doutrina neoliberal, cunha maior desprotección para as persoas máis desfavorecidas, e ao tempo cun reforzamento de privilexios para minoritarias elites sociais. O propio Comité de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais da ONU vén de afirmar, respecto do Estado español, que "as medidas de austeridade están prexudicando de forma desproporcionada os grupos desfavorecidos", asegurando ademais que os axustes están a destruír o estado do benestar e provocando un aumento considerábel do número de persoas en risco de pobreza.

O último episodio desta errática política económica constitúe o Real Decreto-Lei 20/2011, do 13 de xullo, que contén medidas destinadas á minoración retributiva e de dereitos laborais par as empregadas e os empregados públicos, á redución das prestacións por desemprego, á diminución do financiamento do sistema de axuda á dependencia, á liberalización comercial que provocará perdas ao comercio tradicional fronte ás grandes superficies comerciais. Todo iso completado cunha suba fiscal (o IVE) na imposición asociada ao consumo de xeito que se reparten linealmente as cargas contributivas no canto de acometer unha reforma fiscal progresiva sobre as grandes fortunas e patrimonios e as rendas máis altas.

A aprobación de dita norma realizouse dun xeito impropio á relevancia do seu contido. Apenas unhas semanas após de terse publicado os orzamentos xerais do Estado, e cando a maior parte das administracións públicas xa afrontan os obxectivos e a planificación do exercicio seguinte, o presidente do Goberno do Estado anunciou as medidas, sen diálogo nin consenso previo, que son aprobadas só dous días despois, sen que tampouco as persoas, entidades representativas e mesmo administracións implicadas na súa execución poidan participar en dito proceso.

Unha auténtica imposición, que no caso dos concello socava a autonomía local, ao pretender facelos partícipes de medidas inxustas, das que moitas corporacións locais discrepan politicamente, polo que supoñen de atacar de novo dereitos consolidados de persoas traballadoras, ademais da súa inutilidade, como xa se ten demostrado.

A nova redución retributiva ás empregadas e aos empregados públicos que se plasma no Real Decreto-Lei 20/2011 imponse dun xeito unilateral, maila que esa medida xa se ten ensaiado noutros momentos dentro de actuacións económicas contra a creixe, e como resultado deu precisamente o contrario do que se perseguía. Nada indica na práctica que a redución salarial sobre as persoas



traballadoras, entre elas as persoas que desenvolven o seu traballo no sector público, sexa unha medida que contribúe á reactivación económica, ao contrario, aínda resta capacidade adquisitiva á maior parte da poboación co que se resente o consumo e a actividade económica.

No caso concreto do noso concello, estamos seguros de que eliminar a paga extra ás empregadas e aos empregados da administración municipal é unha medida profundamente inxusta e equivocada. Tamén no ámbito local, agravará aínda máis a crise pois reducir o poder de compra das empregadas e dos empregados públicos afectará moi negativamente a pequenas e medianas empresas, ao pequeno comercio, en xeral ao tecido económico deste concello.

Por iso, ante o escenario polo Goberno do Estado, inútil e errático á hora de recuperar e impulsar a economía como todos os indicadores económicos demostran, ineficaz para asegurar financiamento público e privado dadas as persistentes restricións no crédito, e pertinaz en aplicar reformas cuxo único e real obxectivo consiste en recortar dereitos económicos e sociais das maiorías sociais, é preciso adoptar un posicionamento político unívoco por parte desta Corporación Municipal en contra desa política, alén de articular as medidas que sexan necesarias para evitar a perda de poder adquisitivo das empregadas e dos empregados públicos.

Por iso, pídeselle do Pleno da Corporación municipal de Barbadás a adopción do seguinte ACORDO:

- 1- Manifestar o rexeitamento da Corporación municipal ás medidas reguladas polo Real Decreto-Lei 20/2012, do 13 de xullo.
- 2- Rexeitar a decisión de impor ás empregadas e aos empregados públicos, particularmente os vinculados aos concello, novas perdas de poder adquisitivo, que terán un efecto indirecto sobre o consumo no concello e no tecido económico local.
- 3- Compensar a perda do poder adquisitivo das empregadas e dos empregados públicos municipais, instando á Alcaldía (ou Xunta de Goberno Local, segundo proceda) a que se adopte as medidas necesarias para atinxir ese obxectivo.

Critica o voceiro a falsa austeridade do PP, baseada en reducir gasto público atacando dereitos civís, laborais e económicos dos cidadáns, e empobrecendo á poboación e baixando o consumo. Aplican medidas liberais e isto poderíase ter resolto con políticas Keynesianas de fomento.

O BNG ve falsas, innecesarias e inxustas esta medidas. Non vamos a ser cómplices deste atraco, porque están empobrecendo ó Estado.



Agora, nun paso mais, están a desprestixiar ós funcionarios públicos, parecendo que os culpables da crise son os funcionarios e a administración, mentres que con todas as reformas financeiras dende 2008 para reflotar á banca, estiveron de acordo con elas..

O Fin ultimo da Constitución europea, de talante neoliberal, camiña cara a privatización de todo o sector público.

A economía desta provincia se compón de funcionarios, subsidios, e pensións; Na Valenzá os 200 comercios acusan a baixa no consumo e a falta de paga extra supón unha baixada maior neste, ata o punto que moitos establecementos están véndose a piques de pechar.

Por todo o exposto, solicita ó Pleno a adopción dos acordos da moción, lembrándolle ó Alcalde que existen outras formulas para compensar a perda de poder adquisitivo, e que si non as fan, é porque son cómplices destas medidas do Goberno. Ademais, remata sinalando que os salarios e condicións laborais do sector público, serven normalmente de referencia ó sector privado, e poden estenderse estas medidas ás empresas.

O Sr. Valcárcel (PSdeG-PSOE ) fai a seguinte intervención:

O goberno de España ven impondo, sen debates nin alternativas, continuos recortes orzamentarios en todas as políticas e programas que afectan ó conxunto de actividades da cidadanía. De xeito improvisado e arbitrario ven aplicando á poboación española recortes carentes da mínima sensibilidade.

O Sr. Rajoy e o PP están golpeando de forma irreversible á sanidade, á educación, ó emprego e ós servizos sociais que prexudican gravemente ó conxunto da cidadanía. Este ataque sen precedentes é unha imposición ideolóxica que vai moito máis alá dun axuste e que nada ten que ver coa crise pois diríxese directamente contra a liña de flotación do Estado de Benestar.

Estes recortes sociais e de dereitos están levando a un importante número de persoas, tanto en Galicia coma en España, a situación límite de desamparo e desprotección e supoñen u empobrecemento e retroceso innecesarios que é inxusto e incluso inmoral.

Este Real Decreto non só contempla a supresión da paga extra de Nadal para o funcionariado. Afecta a horarios de apertura, ás retencións nas actividades profesionais e empresariais, ás prestacións a persoas dependentes, redución das axudas por situación de desemprego, incremento do IVE e un longo etc.

No Partido Socialista rexeitamos o conxunto de medidas antisociais que se implementan neste decreto de xeito unilateral, sen consenso e sen escoitar previamente outras propostas e por suposto



desprezando por completo o diálogo.

Existe un abandono total de medidas tendentes á reactivación do noso tecido económico e empresarial o que fai moi difícil crear un clima propicio para a superación da actual crise.

Probablemente sexa a provincia de Ourense unha das máis afectadas por estas medidas dado o importante número de empregados públicos e autónomos. Esta é unha medida que afecta a practicamente toda a cidadanía da provincia.

O Sr. Freire presume en moitas ocasións dun baixo endebedamento do Concello de Barbadás polo que chegamos á conclusión de que a aplicación desta medida non é imposible con máis razón cando o goberno foral de Navarra conseguiu onte arbitrar unha fórmula para pagar os seus funcionarios a paga extra de Nadal. Apoiamos a proposta do BNG entendendo que implicitamente supón un rexeitamento da totalidade do decreto 20/2012.

Pola Presidencia respóndese que o grupo de goberno votará en contra, por imperativo legal.

O Sr. Firvida (BNG) se pregunta si se poden ditar leis que empobrecen á poboación? Pois entende que tamén se poden buscar subterfuxios para compensar esta perda de poder adquisitivo, e lle sorprende a hipocrisía do PSOE, cando foi o goberno de Zapatero o que empezou con este empobrecemento. Finalmente lle sorprende oír falar ó PP de solidariedade social, cando fan unha amnistía fiscal para os grandes capitais...

O Sr. Valcárcel (PSdeG-PSOE) lembra que o goberno de Zapatero non fixo recortes en sanidade, nin na educación...

Sen mais, sometese o asunto a votación resultando, cos votos a favor do PSdeG-PSOE, e do BNG, e os votos en contra do PP, o seguinte acordo: **“Rexeitamento da moción presentada polo BNG para impedir a perda do poder adquisitivo das empregadas e empregados públicos afectados polo Decreto 20/2012”.**

### **E- MOCIÓN DO BNG PARA DAR PUBLICIDADE Á DECLARACIÓN DE BENS DOS CONCELLEIROS/AS E RETRIBUCIÓNS DO CONCELLO**

Polo Sr. Firvida , procedese á defensa da seguinte moción:

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

A vida política e o traballo dos representantes públicos debe estar presidida polos criterios de honradez, boas prácticas e servizo público.

A Lei Reguladora das Bases de Réxime Local 7/1985, do 2 de abril obriga aos membros das





corporacións locais a facer unha declaración do seu patrimonio a inicio de cada lexislatura, así como unha declaración de incompatibilidades para ostentar cargo de representación pública, declaracións que hai que repetir ao final da lexislatura.

Sen dúbida os políticos foron e son obxecto do seguimento e control por parte da cidadanía. Nos últimos tempos, e debido aos reiterados casos de corrupción política feitos públicos, tanto o traballo como a dignidade dos políticos e políticas está sendo constantemente censurada e cuestionada.

Cómpre, polo tanto, mostrar aos cidadáns a maior das garantías posíbeis na transparencia nas actitudes, decisións e traballos realizados.

Recentemente ten saído nos medios escritos de ámbito estatal información sobre supostos patrimonios de cargos institucionais do PP da provincia de Ourense. Entre esta información figuraba unha referida ao patrimonio acumulado polo alcalde de Barbadás e presidente do INORDE, D. José Manuel Freire Couto.

O Concello de Barbadás ten no seu rexistro a declaración de patrimonio e incompatibilidades realizada por todos os membros da corporación local realizada a inicios da presente lexislatura.

No Bloque Nacionalista Galego de Barbadás pensamos que polo ben da dignificación da vida política esta declaración debería ser pública, con acceso da cidadanía de forma directa, na páxina web do concello, así como ás partidas adicadas a retribucións da corporación local ( asistencias a Plenos, a Comisión Informativas, a Xuntas de Goberno e adicacións totais e parciais dos concelleiros/as con responsabilidade de goberno).

Por todo o exposto, o grupo municipal do BNG de Barbadás solicita do pleno do concello a adopción do seguinte

### **ACORDO**

O Concello de Barbadás fará pública na páxina web do concello a declaración de patrimonio de toda a corporación local realizada a inicio da lexislatura, así como as partidas adicadas a gastos de funcionamento da corporación, como as adicacións parciais e totais, as asistencias a plenos, a xuntas de goberno e as comisións informativas.

Sinala o voceiro, que a Lei esixe realizar unha declaración de bens o principio e o final do mandato corporativo.

En aras de dignificar o traballo dos políticos, e de poñernos como referentes ante a sociedade; de expoñer que non temos nada que ocultar, e salvagardar a honorabilidade propia, pensamos que a



publicidade e unha maior transparencia, pode contribuír a estes obxectivos.

Actualmente , temos que facer exame de conciencia, e darnos conta de que estamos a transmitir á sociedade, unha idea equivocada do traballo dos políticos. Por elo, a idea de facer un rexistro e colgalo na páxina web coas retribucións por asistencias e os soldos dos liberados , pode contribuír a mellorar esa imaxe.

A Sra. Morenza (PSdeG-PSOE) afirma que isto que se propón é unha práctica de transparencia, pero a os cargos do PP non lles fai gracia. Na Deputación fai un ano que se aprobou e aínda non se fixo. E, nun momento no que a crise está así, é importante demostrar os patrimonios, sobre todo cando houbo informacións de prensa que alarmaron á xente, como por exemplo as relativas ó patrimonio do Alcalde de Barbadás.

Pola Presidencia respóndese que o grupo de goberno votará a favor, pero temos que facer matices. Segundo os informes xurídicos, non se pode levar a cabo sen mais, xa que temos primeiro que proceder á modificación do Regulamento Orgánico, e prever a forma de publicidade. E despois, haberá que articular a forma de levar a cabo esta publicidade, protexendo ó mesmo tempo datos de carácter persoal, e evitando perigos innecesarios para os membros da Corporación.

E entende, que haberá que ver formulas empregadas noutras institucións, por exemplo na Deputación, para tomalas como referencia.

Sen mais, sométese o asunto a votación resultado adoptado por unanimidade o seguinte acordo: **“Facer pública na páxina web do concello a declaración de patrimonio de toda a corporación local realizada a inicio da lexislatura, así como as partidas adicadas a gastos de funcionamento da corporación, como as adicacións parciais e totais, as asistencias a plenos, a xuntas de goberno e as comisións informativas.**

### **F- MOCIÓN DO BNG EN DEFENSA DO MONTE GALEGO**

D. Serafín Nuñez ( BNG) , procede á defensa da seguinte moción:

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

Temos tratado varias veces neste pleno a situación de abandono na que se atopa o medio rural e por suposto o monte galego. O certo é que as políticas que se teñen desenvolvido polas administración públicas non teñen suposto, xa lonxe de frear este abandono, nin siquiera manter as explotacións



gandeiras ou forestais existentes.

Cabe preguntarse se ao PP lle interesa que o noso rural desapareza, senon como entender as medidas absolutamente reaccionarias para a nosa terra como a eliminación das axudas aos concellos para o mantemento dos perímetros de protección dos núcleos rurais. Cómpre preguntarse o por qué da redución destes perímetros...; o desmatelamento do Banco de Terras ou das Uxfor's que ían permitira a posta en valor do noso patrimonio agrícola e forestal; tamén deberan restituirse as axudas ás Comunidades de Montes Veciñais en Man Común, para a realización de labores preventivos.

Neste apartado a nivel local, nin siquiera se quixo artellar unha ordenanza para que o tractor desbrozadora puidera ser usado por estas CMVMC, etc, previo pago dunhas taxas como propuxo aquí este grupo político, para pór dunha vez a traballar esta máquina en beneficio do monte e da veciñanza, pero é mellor que este aparcada ou que traballe 2 meses ao ano. Cómpre pór en marcha unha política forestal tendente a evitar que os incendios forestais se produzan para non ter que apagalos. No noso concello continuamos mantendo varios núcleos de poboación, nunha situación absolutamente irregular e ilegal, vexase Sta. Uxía, As Lamas, Loiro, etc, nos que as mimosas, piñeiros, etc están ao pé destas parroquias.

O apartado da gandeiría no que tamén as institucións locais deberán promover e promocionar, poñamos por caso a explotación do Rexo en Allariz (cun importante rabaño de ovellas, produción de queixo que logo comercializan...; que manteñen limpo todo o ano distintos lugares do concello). Ou outras explotación de gando vacún nas que tamén co-participa o concello. Que se fai aquí, nada de nada...

Por todo o exposto, o grupo municipal do BNG de Barbadás solicita do pleno do concello a adopción do seguintes

### ACORDOS:

- 1.- O concello de Barbadás inste á Xunta de Galiza a rectificar a súa política de prevención de incendios forestais xa que as medidas adoptadas inciden na desprotección dos núcleos rurais.
- 2.- O concello de Barbadás inste á Xunta de Galiza a modificar a lei de prevención de incendios forestais de Galiza de forma que se incrementen as franxas de protección dos núcleos rurais así como as distancias mínimas para as plantacións forestais.
- 3.- O concello de Barbadás insta á Xunta de Galia a poñer en marcha medidas de colaboración cos



concellos, a través de liñas de axuda, para retomar as accións de protección perimetral dos núcleos rurais.

4. O Concello de Barbadás insta ao Goberno da Xunta a manter un dispositivo de loita contra incendios ben dimensionado, profesionalizado, baixo un mando único e que non incida na privatización do servizo.

5.- O Concello de Barbadás elaborará un plan de prevención local de incendios forestais, no que en base aos datos históricos e a situación do solo, das masas forestais, das infraestruturas preventivas e de defensa contra incendios forestais, se estableza un cronograma de actuacións preventivas, de infraestruturas e actuacións de silvicultura coa finalidade de protexer todas as parroquias do concello ante a eventual conxuntura de incendios forestais.

D<sup>a</sup> Maria Presas ( PSdeG-PSOE) manifesta o acordo do seu grupo coa moción presentada, e entende necesario un xiro de 180 grados na política forestal do actual goberno galego, e considera que esta debe basearse na prevención. Tamén sinala, que o Concello debería elaborar un plan anual de prevención, e gustaríalle que o ano que ven estiveran todas as parroquias limpas.

Pola Presidencia respóndeselle á oposición, que o Pleno de Barbadás, non é o foro adecuado para dicirlle á Xunta como debe dirixir a súa política e o que ten que facer.

O Sr. Nuñez (BNG) manifesta que a o PP non lle interesa a roza nin traballar coa rozadora todo o ano isto é a demagogia do Parlamento de Galicia e o plan de prevención de incendios nun funciona.

A Sra. Presas ( BNG) sinala que non está de acordo coa afirmación do Sr. Alcalde, e que dende o Concello pode instarse á Xunta a que adopte determinadas actuacións.

Sen mais, sométese o asunto a votación , resultando , cos votos a favor do BNG e do PSdeG- PSOE, e os votos en contra do PP, o seguinte acordo: **“Rexeitamento da moción presentada polo BNG en defensa do monte galego”**

### **PARTE DE CONTROL**

#### **7.- DACIÓN DE CONTAS DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA**

A Corporación queda enterada das resolucións ditadas dende a sesión anterior.



### 8- ROGOS E PREGUNTAS

#### Sr. Valcárcel ( PSdeG-PSOE):

-Roga que se amplíe a actuación de emerxencia social relativa ao pago do imposto de Plus Valía , con outros casos similares o do decreto de 23 de agosto de 2012.

-O Partido Popular leva xa practicamente 8 meses gobernando España con maioría absoluta e a situación económica non fai máis que empeorar.

Todo o que o PP prometeu non recortar cando chegara ó goberno, foi *recortado*.

A súa política ten consecuencias nefastas sobre o estado do benestar xa que éste está en risco de desaparecer.

Temos menos sanidade pública, introduciuse o copago farmacéutico e hai menos profesorado no ensino público.

Pola contra atopámonos con máis desemprego, máis impostos e menos dereitos laborais.

A supresión da paga extra de Nadal para os/as funcionarios/as públicos/as supón unha merma do 7% dos ingresos anuais deste colectivo.

Sorprendentemente o Ministerio de Facenda aclara que esta medida non afecta a alcaldes e concelleiros/as argumentando esta decisión na autonomía local.

En Barbadás temos 5 concelleiros e concelleiras do PP que perciben importantes emolumentos das arcas públicas que van dende os 1.203,50 € que perciben tres concelleiros/as, os 1.356,46 € dunha concelleira e os 2.712,91 € que ingresa o tenente de alcalde. E por suposto con 14 pagas. Debemos lembrar que o PP ten sete concelleiros/as.

Os gobernantes son os primeiros que teñen que dar exemplo e non poden ser beneficiarios nin de trato de favor nin de ningún outro tipo de prebendas e menos nunha situación económica na que a política do PP castiga sen escrúpulos ás capas máis desfavorecidas da sociedade.

Dende o Grupo Municipal Socialista de Barbadás esiximos que os/as concelleiros/as con adicacións exclusivas ou parciais deixen de percibir a paga extra de Nadal destinando o Concello este importe a políticas de carácter social

-Pregunta por que non se invitou á oposición á recepción con motivo do ascenso do club de fútbol de Barbadás, o que se lle resposta que foron eles os convocantes que viñan a presentar o seu éxito ó Concello.



### **D<sup>a</sup> Anxela Gonzalez ( BNG ) :**

-Nas Lamas, a casa coñecida como "O Cuartel", atópase nunha situación de evidente perigo para os viandantes ao ter tellas a punto de caer ao chan e ao estar a porta de entrada á casa aberta de xeito que calquera neno ou nena podería entrar poñendo en perigo a súa integridade física.

Tendo en conta a situación, desde o BNG rogamos:

Que se avalíe a situación polos técnicos e se pona en coñecemento dos propietarios/as para que tomen as medidas oportunas.

Que o Concello actúe de oficio para retirar as tellas sobresaíntes e que sinalice a perigosidade fundamentalmente nas portas de acceso á casa.

-Nas Lamas, no lugar coñecido como "O Barro" hai unha pista, cada vez máis transitada tanto por persoas maiores que van camiñar como por automóviles que a utilizan como vía alternativa á Valenzá desde Piñor, Parada, Finca Fierro e mesmo Ourense; en condicións lamentables.

Por unha banda os arcenes fanse intransitables e o seu evidente deterioro complica moito que un peón se aparte dun coche; por outra banda o firme atópase moi deteriorado e dada a estreitez da estrada, cando pasan dous coches en dirección oposta, o risco f aise maior.

Polo exposto, o BNG solicita ao Concello que solucione esta situación mediante o arranxo oportuno da pista mencionada, a construción de beirarrúas e a oportuna sinalización de ser o caso.

-Presenta queixa polo mal olor dos contedores de lixo, sinalando por exemplo os de Barbadás e As lamas, que están sen lavar.

-Pregunta sobre o servizo de " Bos días cole" no que se engadiu a eventualidade, si é preciso presentar documentación na Casa da Cultura con carácter previo, o que se lle resposta negativamente.

-Pregunta cando se rematará o entorno do local social das Lamas, e pide que se poña a chave no burato existente para tal fin, a rede e que se programe o regadía do céspede. Pola Presidencia respóndeselle que se fará cando finalice o prazo para mandar a documentación.

### **D<sup>a</sup> Victoria Morenza ( PSdeG-PSOE ) :** presenta os seguintes **rogos**:

**Bentraces:** repor a marquesiña de cristal rota dende hai anos situada na antiga estrada de Celanova; situar nas debidas condicións a marquesiña situada enfronte da anterior porque está caendo; repoñer o taboleiro de anuncios situado ó carón da antiga escola debido ó estado de deterioro no que se atopa.

**Loiro:** Habilitar un paso de peóns elevado na travesía, cumprindo así o compromiso adquirido polo



rexedor en reiteradas ocasións.

**Cruce das Airas:** Estudar a posibilidade de construír nesta intersección unha rotonda debido á perigosidade que para a seguridade viaria supón esta intersección e aproveitando que se vai actuar proximamente nesta estrada.

**A Valenzá:** Habilitar aparcamentos para bicicletas nos lugares nos que se concentra a poboación infantil e xuvenil, como por exemplo nas inmediacións das piscinas ou do campo de fútbol, por exemplo.

Por a disposición dos motociclistas unha ou varias zonas de aparcamento específica en lugares estratéxicos como a avenida de Celanova para facilitar a seguridade e a accesibilidade dos propietarios deste tipo de vehículos.

■ **Estrada de Barxa cara Vista Hermosa:** proceder á roza das acacias e da maleza que dificulta a visibilidade dos automobilistas e a accesibilidade dos peóns que circulan e transitan pola zona. Durante toda a tempada estival a maleza foi crescendo e xa estamos preto do outono e non se adoptaron medidas de limpeza que redunden na seguridade

### Preguntas:

**Barbadás:** ¿Segue a traballar o artesan no Museo da Música? ¿Está prevista algún tipo de actividade neste edificio infrautilizado no futuro inmediato?

Pola Presidencia respóndeselle que segue traballando.

**Canceira:** ¿Asinou o Concello de Barbadás algún tipo de convenio coa canceira de Carballiño? ¿A onde son trasladados os cans abandonados que se recollen no municipio de Barbadás?

Pola presidencia respóndeselle que os cans que se recollen trasládanse a Carballiño pero non temos asinado ningún convenio.

**Composteiros:** ¿Ten previsto o grupo de goberno adherirse ó plan de xestión de residuos da Deputación no que se refire a experiencias piloto de distribución entre a veciñanza de composteiros? ¿por que non se adheriu no seu día a un plan similar no que participaron preto da metade dos concellos da provincia?

O Sr. Presidente respóndeselle que si existe subvención e nos sae gratis, si pero o Concello non ten diñeiro para pagalo.

**Piñor:** A veciñanza da zona de Requeixo está preocupada pola situación de varias vivendas en situación de derrubamento no Fondo da Calle. Unha destas casas foi cedida hai uns anos ó Concello e





dende entón non adoptou medida algunha. ¿Ten previsto o Concello adoptar algún tipo de medida de seguridade en relación co perigo que supón o derrubamento destas vivendas antigás?

Pola Presidencia respóndeselle que a que foi cedida ó Concello xa está derrubada e as outras foron notificados.

### **Suba do billete do bus:**

O Alcalde ten defendido en reiteradas ocasións as vantaxes que traerá consigo a posta en marcha do transporte metropolitano, pero nos últimos días estendeuse o rumor de que o autobús vai ser novamente incrementado o seu prezo:

- ¿Ten coñecemento deste incremento do billete? ¿Cando se vai por en marcha dun xeito efectivo o convenio para a posta en funcionamento do transporte metropolitano?
- ¿Canto vai custar finalmente cada billete, tendo en conta que Freire falaba no pleno do 2 de xullo dun prezo único de 78 céntimos por viaxe?
- ¿Canto vai custar finalmente cada billete?

Pola Presidencia respóndeselle que, se entra en funcionamento o convenio, serán 78 céntimos.

### **D. Serafin Nuñez ( BNG) :**

- Roga se reparen ou retiren as farolas caídas na Rúa 17 de maio.
- Solicita que se reguen as zonas verdes, xa que en moitas zonas do municipio a herba está amarela.

Concluído o anterior, non sendo outro o obxecto da convocatoria, pola Presidencia dáse por finalizada a sesión, sendo as 14:40 horas, no lugar e data ó principio indicados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como secretario, dou fe.

O ALCALDE

O SECRETARIO

